ISSN: 1887-2417
D.L.: C-3317-2006

A percepción social do cambio climático na Comunidade Valenciana

The social perception of climate change in Comunidad Valenciana

Beatriz Santamarina Campos. *Universitat de València (España)*

Resumo

A Estratexia Calenciana ante o Cambio Climático (EVCC) é o instrumento de acción pública da Generalitat Valenciana para definir e coordinar as accións de mitigación e adaptación a este fenómeno. A EVCC avanza un conxunto de 125 disposicións estruturadas en 8 áreas de actuación, entres as cales establece un conxunto de medidas de información, comunicación, formación e cooperación cidadá, instrumentos clave para lle transmitir á sociedade a complexidade, relevancia e urxencia deste problema e concienciala da necesidade de que individuos e grupos adopten comportamentos e estilos de vida que reduzan significativamente as emisións de gases de efecto invernadoiro. Non cabe dúbida de que para enfocar esta tarefa con rigor e eficacia é preciso caracterizar, antes de máis, a cultura común –a representación social– que sobre o cambio climático está a conformarse na sociedade valenciana. Son, con efecto, os coñecementos, as percepcións, as teorías implícitas, as valoracións e os hábitos socialmente interiorizados os elementos sobre os que haberá que traballar para lograr os cambios desexados na xestión dos vectores humanos que interveñen no desaxuste do clima. Neste sentido, a Consellería de Medio Ambiente, Auga e Urbanismo da Generalitat Valenciana, en colaboración co Departamento de Socioloxía e Antropoloxía Social da Universidade de Valencia, realizou unha investigación sobre a percepción social do cambio climático na sociedade valenciana. É o seu obxectivo: aproximarse ao grao de coñecemento, ás concepcións, representacións sociais, actitudes, valoracións e hábitos socialmente interiorizados a respecto deste problema. Este artigo constitúe unha síntese parcial desta investigación.

Abstract

Valencia strategy in view of climate change (VECC) is the Generalitat Valenciana instrument to coordinate adaptation to this phenomenon and define other mitigation actions. VECC comprises of a group of 125 arrangements structured within 8 different fields to set up information measurements, communication, training and public cooperation. These are essential instruments to inform society of the complexity, importance and urgency on adequate behaviour and life styles to bring down greenhouse gases emissions.

O artigo ten a súa orixe no relatorio presentado no VI Seminario «Respuestas desde la comunicación y la educación al cambio climático» e, á súa vez, é unha síntese do estudo desenvolvido en colaboración coa Universidade de Valencia baixo a dirección técnica da profesora D.ª Beatriz Santamarina Campos.

Este artigo apenas se centra nos resultados obtidos na fase cualitativa da investigación, baseada na xuntanza de 6 grupos de discusión e na análise dos seus respectivos discursos. O estudo desenvolveuse en dúas fases, unha fase cualitativa inicial e outra cuantitativa (en que se levou a cabo unha enquisa á poboación de 18 máis anos da Comunidade Valenciana), co obxecto de xeneralizar as observacións realizadas nos grupos de discusión e pescudar algunhas cuestións importantes que non apareceron nestes.

It is necessary to typify the social representation of global warming within Valencia society and give this task an efficient and precise approach. Knowledge, perceptions, implicit theories, evaluations and social habits are the elements to work on in order to achieve management changes on human factors which take part in the climate imbalance. Environment, Water and Urbanism Ministry of the Generalitat Valenciana, in partnership with the Department of Sociology and Social Anthropology in Valencia University, carried out research on the social perception of climate change within Valencia society. The purpose and summary of the study is gathered on this article.

Palabras chave
Cambio climático, percepción social, educación ambiental
Key-words
Climate change, social perception, environmental education.

Introdución

A *Convención marco das Nacións Unidas sobre o cambio climático* (1992) e o *Protocolo de Quioto* (1997) son as primeiras respostas articuladas para lle facer fronte ao fenómeno do cambio climático provocado pola acción humana. Así, as Nacións Unidas por medio do seu *Programa para o Medio Ambiente* (PNUMA) e a *Organización Meteorolóxica Mundial* (OMM) analizaron e avaliaron o problema do cambio climático e as súas consecuencias ambientais. Igualmente, o Intergovernmental Panel on Climate Change (IPCC) foi elaborando informes e diagnósticos sobre o cambio climático[1], e converteuse nun importante mediador na representación do fenómeno.

O cambio climático provocado pola actividade humana é hoxe un dos maiores retos para a comunidade internacional. Para se marcaren obxectivos eficaces na resolución do problema, as futuras políticas dependerán, en boa medida, do apoio social xerado. As medidas e estratexias adoptadas, por tanto, deberán ir acompañadas da implicación e participación de toda a cidadanía. Así pois, é necesario deseñar estratexias de comunicación, información e educación a partir da percepción social existente do cambio climático. Desde esta perspectiva é pertinente coñecermos como se percibe o fenómeno, cales son as fontes de lexitimidade da percepción do problema e como se identifican as causas e consecuencias que o cambio climático pode xerar no tempo e no espazo.

O presente artigo ten por obxecto describir a percepción social que teñen os valencianos sobre o fenómeno do cambio climático como consecuencia da acción humana. A investigación centrouse na análise do cambio climático como fenómeno social froito de percepcións, crenzas e valores. Desde este punto de vista, a análise reali-

1 Dispoñibles no enderezo web [www.ipcc.ch]. Poden atoparse resumos en castelán destes informes no enderezo web [www.mma.es].

zada constitúe unha ferramenta eficaz para a posta en marcha de políticas ambientais referidas ao cambio climático. De igual forma, o diagnóstico sobre as representacións, percepcións e actitudes fronte ao cambio climático, que presentamos resumidamente neste artigo, servirá de base para deseñar unha estratexia de comunicación eficaz e consecuente coas singularidades da sociedade valenciana.

Como se indicou con anterioridade, o estudo realizado consta de dúas fases: unha baseada en técnicas de investigación de tipo cualitativo (grupo de discusión) e outra baseada en técnicas cuantitativas (enquisa). Na fase cualitativa, aproximámonos, a partir dos discursos dos informantes, á percepción da cidadanía valenciana sobre o cambio climático derivado da acción humana.

Para se levar a cabo esta fase establecéronse seis grupos de discusión cuxa composición reflicte a da poboación xeral da Comunidade Valenciana. Neste caso, a técnica de investigación empregada permite achegármonos aos elementos básicos que configuran as diferentes percepcións e expectativas sociais. Ora ben, cómpre aclararmos que con esta ferramenta metodolóxica non se pretende unha representatividade estatística, o que se persegue é determinar configuracións sociais, sen perdermos de vista que o discurso das persoas informantes está moldeado socialmente. Xa que logo, a través da análise do contido dos discursos achegámonos ás representacións colectivas e aos elementos básicos que conforman a visión dos valencianos sobre o problema.

O deseño das dinámicas de grupo estruturouse a ser ter en conta criterios tipolóxicos relevantes para os obxectivos da investigación. Ademais, consideráronse tanto variables sociodemográficas (sexo, idade, nivel de estudos e status económico) como a representatividade territorial para determinar a distribución dos grupos no ámbito provincial (Valencia, Alacant e Castellón).

Os grupos reproducen certos códigos que permiten captarmos as visións particulares de cada un deles e as motivacións e actitudes básicas que orixinan condutas. Non hai que esquecer que, nas sociedades actuais, os medios de comunicación/formación producen unha tendencia á homoxeneización. Neste sentido, analizamos a interpretación das causas e as consecuencias do cambio climático pola acción humana e como se identifican os principais axentes responsables e as posibles solucións colectivas (normativas, formativas e técnicas) e individuais (prácticas cotiás).

Cambio climático: discurso homoxéneo con matices

Os grupos de discusión presentan un discurso bastante homoxéneo canto ao cam-

bio climático producido pola acción humana, malia poderen detectarse pequenas diferenzas entre as persoas participantes en función da formación académica recibida e do status social á hora de manexaren certos conceptos ou articularen o discurso. Do mesmo xeito, os grupos parecen presentar algunha diferenza no que ten a ver coa receptividade e actitude á hora de asumiren responsabilidades. Neste sentido, os grupos de mulleres parecen apuntar cara a unha maior disposición a asumiren compromisos e á realización de novas prácticas máis sustentables fronte aos grupos de xente nova, en que parece que hai unha maior resistencia a adoptar medidas na vida cotiá.

É importante salientarmos, para contextualizar ben o discurso dos informantes, que todos os grupos se reuniron entre o 15 de outubro e o 15 de novembro do 2008. En consecuencia, a crise económica e financeira foi o pano de fondo do discurso de todos os grupos, unha cuestión que, sen dúbida, os condicionou de forma significativa. Os dous primeiros, sobre todo, realizáronse despois de dúas semanas negras en que os medios de comunicación centraban toda a súa atención na caída da bolsa, na caída de empresas financeiras globais, na quebra de construtoras, nos activos tóxicos etc.

A análise que presentamos fala de percepcións sociais, do modo en que a xente articula, vive e lle dá sentido e significado ao cambio climático producido pola acción humana por medio da experiencia. Daquela, o informe aproxímase á construción do cambio climático como fenómeno social e achéganos ás distintas prácticas e comportamentos edificados a partir de crenzas e valores sobre o cambio climático. O obxectivo final da análise é ofrecer unha aproximación xeral ás representacións colectivas e aos elementos básicos que constitúen as diferentes percepcións e expectativas sociais sobre o cambio climático.

Imprecisión do termo "cambio climático"

Todos os grupos se mostran unánimes á hora de apuntaren a imprecisión do termo «cambio climático». A falta de concreción do concepto e a apreciación xeneralizada de non saber ben de que se está a falar leva á imposibilidade non só de situalo nun plano concreto, mais tamén de falar deste. En definitiva, o concepto defínese como abstracto e vago.

Escoitas cambio climático, cambio climático e despois escoitas aos expertos falar e nin sequera é un concepto ben acuñado, é o que che quero dicir. Moitas veces inventan termos baleiros e cousas que eu non acabo de entender. Do cambio climático non escoitei a ninguén nin a ningún representante explicar claramente que é o cambio climático (G2).

Ao ser difícil definilo, ao non ter referentes claros, a súa compresión preséntase

como inalcanzable. As persoas participantes consideran que o coñecemento do cambio climático se reduce aos grupos de expertos que son capaces, grazas ao seu alto grao de especialización, de comprenderen o concepto. A falta de información e a súa demanda, como veremos máis adiante, repítese en todos os casos.

Coñecementos contraditorios: o papel dos científicos

Alén da imprecisión do termo «cambio climático», atopamos un segundo problema, a existencia de discursos científicos opostos. Estas contradicións complican máis, se cabe, a súa conceptualización. A falta de consenso científico a respecto do cambio climático fai que o tema se perciba con escepticismo.

É que oes aos científicos e uns son máis alarmistas e oes outros e... non lle dan importancia e non sabes a quen crer... (G1)

...

É que o do cambio climático hai unha serie de verdades e mentiras que a xente cre ou non cre (G2)

Se a ciencia é fonte de verdade e o seu discurso lexitima numerosas prácticas, que se amose dubitativa e dividida fai cuestionar que o cambio climático debido á acción humana sexa un fenómeno que realmente se estea a producir. Neste sentido, a existencia de discursos científicos contraditorios é lida de dúas formas diferentes: dunha parte, sublíñanse os intereses que pode haber detrás de certos datos ou estudos doutra, faise a lectura de que a complexidade do fenómeno lle impide á comunidade científica saber con claridade que está a pasar.

A ciencia constrúese como «verdade» e, de non se pronunciar de forma clara, xorden dúbidas «razoables». Non acontece o mesmo con outro tipo de discursos, sobre todo os que proveñen do ámbito político. Nestes casos, a apreciación de que os discursos están mediados por intereses económicos descualifica de forma directa as súas argumentacións.

Ben, Estados Unidos di que é mentira, mais sabemos o por que... (G6)

Malia todo o consenso: hai cambio climático pola acción humana

Malia os dous problemas sinalados (inconsistencia e contradición no discurso científico), existe un certo consenso en recoñecer que o cambio climático producido pola acción humana existe ou, cando menos, parece existir. En boa medida, estas asinaturacións están sustentadas na idea clara de que a intervención do ser humano sobre o medio é cada vez maior e ten claras repercusións negativas.

A percepción xeneralizada de que a degradación do medio é un problema grave, que cómpre resolver, permite, por unha parte, darlle veracidade á existencia do cambio climático pola acción humana, e, pola outra, cualificalo como problemático. En todos os grupos de discusión se produce o mesmo mecanismo: falar de cambio climático é falar de medio. Se no relativo ao cambio climático provocado pola acción humana non hai consenso nin ideas claras, no referente ao medio atopamos acordo e asinaturacións compartidas. Neste sentido, o cambio climático aparece como unha manifestación máis da deterioración ambiental, o que facilita a análise.

Causas do cambio climático

A propia imprecisión do termo «cambio climático» e a súa desviación cara ao medio, en xeral, fai difícil poder sinalar as súas causas. O descoñecemento fai que as persoas informantes non saiban, en moitos casos, situar as causas do fenómeno. Así, entre as causas apúntanse as que teñen que ver coa degradación ambiental en conxunto. Neste sentido, faise unha lectura holística, acompañada dunha crítica a todo o sistema. A enumeración de problemas ecolóxicos globais e locais é común a todos os grupos analizados (contaminación xeneralizada, destrución dos bosques, consumo de recursos etc.). Todos os grupos perciben a construción masiva e desordenada como un dos problemas ambientais de máis peso e relaciónase, de forma directa, co cambio climático.

Con todo, quizais a contaminación aparece como o referente máis claro, tanto para a deterioración ambiental como para o cambio climático. A contaminación asociada ás industrias é, no imaxinario social, a figura máis contundente. Os efectos da contaminación, a emisión de gases e o dióxido de carbono únense directamente coa degradación da capa de ozono e a capa de ozono co cambio climático.

é que o da capa de ozono terá que ver e todos os gases estes que fan que despois... máis buratos e cousas destas que van producir o cambio do clima (G3)

Xunto coa deterioración da capa de ozono, como causa do cambio climático, sitúase o efecto invernadoiro. De novo, a emisión á atmosfera de dióxido de carbono é percibida como o principal responsable. En menor medida –só en dous grupos– aparece como responsable o gas metano, relacionado cos sistemas intensivos de gando vacún. Por último, o actual modelo de enerxía, de forma esvaecida, tamén aparece como responsable do cambio climático pola acción humana.

As persoas informantes debuxan un mapa borroso sobre as causas do cambio climático sen saberen que é realmente o que acelera os procesos de cambio, aínda que en todos os grupos se recoñece que a raíz

do problema está no fracaso do noso modelo socioeconómico (pautas de consumo, estilos de vida etc.).

Raíces do problema: crise do sistema

Na análise efectuada polos grupos sobre as verdadeiras causas do cambio climático aparece un denominador común: o actual sistema en que vivimos inmersos. Recoñécese que o consumo desmedido é o maior responsable dos problemas ambientais e, ende mal, do cambio climático. A ideoloxía do consumo e o desbaldimento de recursos percíbense como os principais responsables da degradación ecolóxica.

Eu opino que tanto o cambio climático como a destrución do planeta é un problema moi de base, porque está moi relacionado coas nosas formas de vida, e que é moi difícil de cambiar (G2)

En todos os grupos se repite a mesma análise, o que pon de relevo que asistimos a unha crise de valores como consecuencia da perda de principios; así, evidencia que a crise ecolóxica leva parella unha crise de valores. A crise da idea de desenvolvemento xorde en todos os grupos con clareza, e sinálase, así mesmo, que o pano de fondo de todos os problemas ambientais está no noso estilo de vida e nos valores asociados a este.

Agora a nivel persoal hai moi pouco progreso, a nivel de humanidade somos menos... Avanzouse moito en moitas cousas, mais eu creo que a nivel persoal... na relación cos pais, cos fillos, cos amigos, que non é igual que antes, e imos moi á présa e todo queda antigo e só vale o guapo e o novo... Non valoramos nada... só o que se merca... (G3)

Consecuencias do cambio climático

Se as causas semellan se esvaeceren, as consecuencias establécense de xeito máis claro. As consecuencias derivadas da experiencia ou do que se vive como experiencia son máis doadas de definir e expresar. Neste sentido, compártese que os efectos do cambio climático xa se poden ver ou sentir. As variacións meteorolóxicas, os cambios bruscos do tempo, experiméntanse como anormais e, precisamente, é esta construción do tempo como anormal o que mellor se percibe.

Entre as transformacións consideradas como anormais enuméranse basicamente tres: a perda de estacións, o aumento e os cambios da temperatura e a irregularidade nas precipitacións. Os devanditos cambios baséanse na experiencia vivida e na memoria. En calquera caso, é necesario volver sinalar que falamos de percepcións sociais, de como a xente lle outorga e dá sentido e significado á experiencia.

Non vexo normal que hoxe 16 de outubro ir en manga curta e en febreiro, no mes de febreiro pasado ía unha calor en Valencia que era unha loucura... (G2)

En primeiro lugar, destaca a percepción da perda das estacións do ano: existe acordo en recoñecer que das catro estacións tradicionais pasamos a ter dúas: verán e inverno. A variación das estacións é unha das imaxes máis consensuadas e unha das consecuencias do cambio climático máis evidentes para os informantes. Cabe salientarmos, a este respecto, a percepción de que existen cambios rápidos e aumentos xeneralizados de temperatura. As asinaturacións susténtanse na experiencia acumulada ao longo do tempo vivido.

Antes levabamos roupa de entretempo, de primavera e outono e agora xa pasamos directo de outono a inverno e xa levamos tempo que esas dúas estacións, primavera e outono... Pasamos do frío á calor (G1)

Tamén aparece no discurso a percepción das variacións nas chuvias. Interprétase que hai un evidente desequilibrio no réxime de precipitacións, ben porque son máis intensas, o que levaría consigo inundacións e agresións ao medio, ben porque se pasou a un clima onde alternan, de forma dicotómica, os períodos de seca cos de chuvia torrencial.

Eu penso que, por exemplo, as chuvias que hai agora torrenciais e que chova e que bote por fóra o río e que haxa inundacións, ou que as chuvias sexan torrenciais, que pasen meses sen chover e que logo pase un mes chovendo (G3)

Estas transformacións meteorolóxicas aparecen relacionadas co que se constrúe como cambios climáticos globais. Os maremotos, os ciclóns e as inundacións pasaron de se considerar fenómenos puntuais e illados a seren percibidos agora como fenómenos normais. De todas as representacións, a imaxe máis clara percíbese no desxeo dos polos e a conseguinte suba do nivel do mar, que se asumen como dúas consecuencias evidentes do cambio climático pola acción humana.

Por último, as persoas informantes falan das consecuencias indirectas destes fenómenos, que se concretan na aparición de problemas de saúde. A relación entre a saúde e o cambio climático, ou entre a saúde e o medio, aparece en todos os grupos. A ecuación é sinxela: se asistimos a desequilibrios ambientais (climáticos) porque estamos a introducir anomalías no medio, e se o medio condiciona a saúde, dáse entrada á enfermidade, que representa, por excelencia, as desordes.

Entre as enfermidades que se relacionan co cambio climático destacan, fundamentalmente, dúas: as alerxias e o cancro. O aumento das alerxias e os problemas respiratorios conéctase coas causas e consecuencias do fenómeno e percíbese como un problema do presente. O cancro, con todas as connotacións sociais que ten, sintetiza esa percepción dun risco real que se traduce en medo. A desorde climática que leva parella a alteración do medio tradúce-

se en enfermidade e o cancro talvez represente con contundencia ese desequilibrio.

Eu creo que nos afecta desde o punto de vista da contaminación, e ao mellor non che ir a un problema global de todo o planeta, senón a un problema local da contaminación de coches, persoas asmáticas, creo que aumentou pero cantidade os problemas respiratorios (G5)

...

Supoño que notariades o do cancro de pel, pois coa cantidade de CO_2 que hai na atmosfera ou plantamos máis árbores ou os nosos netos morrerán de cancro de pel... (G6)

En todos os grupos atopamos unha análise sobre o que se percibe como cambios climáticos que foron experimentados polos informantes, aínda que cabe sinalarmos que as consecuencias moitas veces se interpretan dentro dun todo difícil de desagregar.

Principais axentes involucrados no cambio climático

Cando se trata de sinalar os principais axentes causantes do cambio climático, en todos os grupos se produce o mesmo esquema discursivo: en primeiro lugar, considérase que as industrias e empresas son as que xeran maior impacto sobre o cambio climático. Dentro da percepción das industrias como fontes contaminantes de primeira orde, as multinacionais sitúanse como as máis prexudiciais, tanto pola súa capacidade de contaminar como polo seu poder no ámbito económico e político. En segundo lugar, aparecen as administracións públicas, ás cales se culpa de non asumiren a responsabilidade que lles corresponde como xestoras, ao non desenvolveren políticas que eviten o cambio climático pola acción humana.

-Iso son as industrias, as industrias.
-As que producen moito CO_2 son as industrias, o noso é un gran de area ou menos... (G1)

En terceiro lugar, as culpas pasan a ser entendidas como un todo. Toda a sociedade é responsable da situación. Esta culpabilidade articúlase de dúas formas: dunha parte, todos somos culpables individualmente polas prácticas irresponsables que levamos a cabo no día a día; doutra, toda a sociedade é culpable, porque tolera e consente que as industrias sigan contaminando ao comprar os seus produtos e porque non preme ás institucións políticas para que actúen fronte ás prácticas antiecolóxicas. En definitiva, porque se participa dalgunha forma ao non tomar medidas de presión fronte ás empresas e o ámbito político.

Desde os usuarios ás grandes empresas, eu vexo moita xente, incluído eu, que vai só en coche á universidade ou onde sexa e ves todo o mundo e páraste nun semáforo e vai todo o mundo só nun coche (G2)
O que pasa é que nós tamén temos que ter unha conciencia de algo, do que nos están a vender e non

temos que comprar. É que hai medios, por exemplo, no meu caso, non uso produtos químicos e a miña casa está limpa... (G1)

Responsabilidade no cambio climático provocado pola acción humana

Con relación ás culpas e responsabilidades atopamos unha xerarquía e un consenso xeneralizado ao seu respecto. Observamos unha orde moi clara: tanto a culpa como a responsabilidade están en función da posición que se ocupa, esta é proporcional á situación nunha escala que se percibe de arriba a abaixo. A maior responsabilidade está no ámbito político, que é quen detén o poder. Se os gobernos estatais, autonómicos e municipais non toman as medidas necesarias, vese imposible poder cambiar as cousas. Son eles os que deben actuar fronte aos que máis contaminan, porque son os que teñen capacidade para lexislar.

-Eu creo que o goberno é o primeiro que ten que tomar medidas.
-É que os primeiros que teñen que estar preparados son eles e logo nós (G3)

...

Eu véxoo un problema máis de arriba, se os de arriba non cambian a xente non vai cambiar nunca (G2)

O cambio climático provocado pola acción do ser humano constrúese como un problema global e, xa que logo, é necesario que haxa un acordo para a acción entre os distintos países. O problema da responsabilidade de global é que se ve como ineficiente, ben porque os compromisos non se adoptan, ben porque se buscan distintas estratexias para incumprilos. Así, aínda que se constata a notoriedade do protocolo de Quioto, percíbese como insuficiente, e máis hoxe en día que a crise o sitúa nun segundo plano.

E logo en Quioto véndense as cotas de contaminación: «se o teu contamina menos, pois eu cómproche o que me fai falta para poder contaminar máis». Cando ves esas cousas, pois, créache unha sensación de impotencia (G5)

Solucións: normativas, formativas e técnicas

A complexidade do fenómeno e a implicación neste de múltiples axentes fai que as solucións que poden aplicarse se vexan como dificultosas. Ademais, no relativo ás posibles medidas que poden tomarse percíbese que xerarán custos e suporán un cambio de hábitos. En todos os grupos atopamos un consenso xeneralizado sobre as solucións que deben adoptarse no sentido de que deberían articularse en tres piares: lexislación, educación e tecnoloxía.

A responsabilidade asignada aos políticos concrétase na demanda urxente dunha

lexislación que impida prácticas antiecolóxicas. A esixencia vai alén de regular, tamén se pide que esas normativas sexan efectivas e que se cumpran. O principio «quen contamina, paga» asúmese como o máis necesario e eficaz. Así, enténdese que as multas deberían ser exemplares e funcionaren como un sistema de contención igual que sucede noutros ámbitos de aplicación. Do mesmo xeito, concíbese que a lexislación tería que forzar ás empresas por medio de sistemas non só de castigo, mais tamén de incentivo, para reforzar as boas prácticas. Os impostos e as subvencións vense como instrumentos necesarios para poñer en marcha políticas ambientais.

Non sei que normas porán nin iso, mais as normas de calidade, seguridade e hixiene no traballo están ufff... Hai que cumprilas, porque hai unha condena ou hai o que sexa... Pois eu penso que no tema da contaminación é o mesmo, terían que multar por cousas (G2)

...

As empresas que máis ensucian deberían pagar máis impostos (G4)

Así mesmo, en todos os grupos se apunta que existe unha falta de concienciación a respecto do cambio climático. A devandita carencia establécese como unha das causas principais á hora de non tomar partido no problema. Neste sentido, vese fundamental para favorecer a concienciación cidadá o dar a coñecer o problema e propoñer solucións a este. Demándase da administración programas que axuden á concienciación da cidadanía. A educación dos máis pequenos constrúese como unha solución e un campo de intervención fundamental. A súa responsabilidade recae tanto nos pais como nos centros escolares. Pídese un compromiso político para introducir os valores ambientais no currículo escolar.

A educación dos nenos articúlase como un eixe básico. En todos os grupos se insiste en que eles xa adoptaron pautas insustentables polo modelo de socialización aprendido e que deben ser os máis pequenos cos que se empece a traballar. Esta estratexia discursiva non deixa de ser perigosa, ao desprazar cara ao futuro responsabilidades do presente.

Nós, o que facemos mal xa o facemos mal, ímolo facer mal, mais aos nosos fillos ensinalos, e hai que ter unha hora para explicarlles cousas que teñen que facer (...) É que nós, ao mellor, agora xa non, mais os nenos, se de pequenos lles ensinamos son os que nos van salvar, nós xa... Por pouco que poidamos facer, pouco vai ser, mais os que veñan detrás nosa son os que... Hai que ensinalos (G4)

As solucións tecnolóxicas debúxanse como unha esperanza cara á adaptación a sistemas máis sustentables. A fe no progreso parece seguir funcionando como unha solución desprazada, de novo, ao futuro, aínda que se recoñece que os cambios tecnolóxicos deberán ir acompañados por transformacións no noso sistema.

Poderíanse cambiar e que fosen coches eléctricos e cousas destas que non botan emisións (...) Sacar mo-

delos que non teñan gases e emisións (G3)
Efectivamente todos os cambios tecnolóxicos axudan, mais a cuestión sería orientar o consumo doutro xeito e eu creo que si que poderiamos... (G3)

Solucións individuais: medidas no día a día e obstáculos para levalas a cabo

Cando as persoas informantes falan de se poñeren en marcha accións que eviten o cambio climático, fan referencia a boas prácticas ecolóxicas xerais. En boa medida, como viñemos sinalando, isto é debido á falta de concreción das causas e consecuencias do cambio climático e á derivación no discurso cara aos problemas ambientais. Así, recoñécese de forma explícita que non se sabe ben como actuar.
Ao se recoñecer o cambio climático como un problema complexo e do que se ten pouca información, é difícil falar das medidas para paliar os seus efectos. Cando se enumeran as posibles prácticas que poderían desenvolverse, en primeiro lugar, aparece a redución do consumo, a necesidade esvaecida de consumir menos.

Non sabemos exactamente ben o que temos que facer para remedialo un pouco, para darlle unha man á sociedade ou o que sexa, entón, eu, pois non sei... (G1)

...

Mais o problema é que a xente non sabe moi ben o que facer (G2)

Se falamos de medidas concretas, a primeira, e a máis repetida en todos os grupos, é a reciclaxe, malia a dificultade de establecer unha relación directa entre esta práctica e o cambio climático, xa que ningún dos grupos detalla a incidencia que a reciclaxe tería neste.

En segundo lugar aparecen tanto o aforro enerxético como o consumo moderado de auga. En xeral, a utilización racional dos recursos no consumo doméstico percíbese como unha práctica de grande importancia.

En terceiro lugar, aparece a discusión sobre o uso do vehículo particular. Neste caso, malia existir certa unanimidade en que debería empregarse menos, parece que existe unha clara resistencia a deixar de facelo. Nesta resistencia, cúlpase de forma directa á administración por non ofrecer modelos alternativos de transporte.

Se vas da túa casa ao centro, pois ir andando e non coller o coche como fai o 95% da xente aquí en Castellón (G4)

...

Aquí, a xente deseguida... Que mira que se chove un pouquiño deseguida estamos a xente todos co coche (G5)

A pesar de se sinalaren posibles medidas que a cidadanía podería adoptar, tamén se apuntan as principais trabas para asumilas. Os obstáculos que se sinalan son, por un lado, a falta de conciencia fronte ao problema, o que impide a acción; e, polo outro, a comodidade. Presuponse que cal-

quera medida que se leve a cabo implicará un custo persoal.

Ignorancia e desleixo, unido a unha falta de conciencia, e aí tes o problema (G4)

...

A vida converterase en máis incómoda, mais como estamos todos moi cómodos, e o ser humano acomódase moitísimo ao cómodo (G1)

De igual maneira, aínda que existe un consenso xeral sobre a necesidade de asumir socialmente a responsabilidade, o papel da cidadanía vese condicionado por distintos problemas. Entre os motivos que se indican para non asumir prácticas cotiás é que se perciben, en moitos casos, como carentes de sentido. A lóxica aplicada é clara: se os maiores culpables (as empresas) e os maiores responsables (a administración) non toman medidas, as accións cotiás perden sentido. A respecto da administración as persoas informantes amósanse especialmente reivindicativas.

Por unha banda, moitas das súas accións vense desarmadas pola propia administración, o que provoca desencanto e desánimo. En todos os grupos se falou deste problema, representado na reciclaxe. A demanda é clara, debe haber unha compensación, cando menos simbólica, por parte da administración, algunha forma de reforzo dos comportamentos asumidos (por exemplo, ver como se transforma un residuo en algo concreto, como o mobiliario urbano). Tal e como o expresan, debe haber facilidades e debe existir unha maior información sobre as accións emprendidas para reforzar os comportamentos.

É que hai que mirar que se fai despois da reciclaxe, para que a nivel individual e a nivel persoal, para sentirnos ben e [sentir] que estamos a facer algo... (G2)

Pola outra, concíbense contraditorias as políticas da administración. Por exemplo, demándase menos consumo enerxético, mentres os poderes públicos dilapidan a enerxía. Este tipo de contradicións, que aparecen reflectidas en todos os grupos, deslexitiman as posibles medidas que poderían poñerse en marcha. Existen, alén desta, outras dificultades para chegar á acción. Dunha parte, ao se situar o cambio climático como un problema global, o impacto das accións que sexan adoptadas percíbese como diluído. Velaí a importancia que adquire que estas persoas vexan como ineficientes as políticas e os acordos internacionais.

Para que vas apagar o aire acondicionado se logo vén o Nadal e o concello enche a cidade de lámpadas? (G5)

...

[Referido ao impacto de prácticas concretas,] estamos falando de cambio climático a nivel global (G2)

...

É que se facemos unha cousa en España e logo o Goberno de Francia... (G4)

O eixe temporal percíbese tamén como un problema engadido. As consecuencias do cambio climático por causa da acción humana constrúense como un problema de

cara ao futuro, e esta percepción condiciona a decisión de asumir prácticas sustentables no presente.

Falta de información

En todos os grupos existe un consenso xeneralizado sobre a carencia de información sobre o cambio climático provocado pola acción humana. Non dispoñer de información abonda é percibido como un problema de ocultación que resulta consecuencia dos posibles intereses en xogo. Recoñécese que atopar información obxectiva é moi difícil. Non deixa de ser significativo que se afirme que hai unha estratexia para ocultar a problemática.

Eu creo que tamén iso non é todo, hai algo máis que non nos explican (G1)

En todos os grupos hai un pedimento xeneralizado á administración para contar con información clara e precisa sobre o cambio climático. O devandito pedimento concrétase en campañas que axuden a coñecer o problema para poder tomar partido neste. Sen coñecer é difícil actuar. Tal e como apuntabamos anteriormente, ao non existir unha comunicación efectiva e non contar con información precisa sobre as posibles prácticas que se poderían levar a cabo para mitigar o cambio climático, vese como imposible poder intervir.

Neste sentido, cúlpase a administración da súa pasividade. A demanda de comunicación á administración e do seu posicionamento fronte ao cambio climático considérase un referente necesario. A información é vista por todos os grupos como fundamental, sen información e sen políticas que promovan prácticas sustentables vese difícil que haxa unha transformación dos valores.

Conclusións

- O cambio climático pola acción humana é percibido como un problema grave e importante.
- Existe descoñecemento, hai dificultades para identificar o problema.
- As mensaxes contraditorias provocan desconfianza.
- O descoñecemento sobre o fenómeno leva á dificultade de concretar as súas causas e consecuencias:
  - Causas esvaecidas: a actividade humana
  - Consecuencias esvaecidas: impactos ambientais
- A desinformación convértese no principal obstáculo para tomar decisións. Non se pode actuar porque non se sabe que facer.
- A construción social do cambio climático como un problema global e un problema futuro dificulta a toma de iniciativas, ao

se desprazar o problema espacial e temporalmente.

- As solucións propostas para o problema resúmense en tres: normativas, formativas e técnicas
- Existe unha demanda de información clara e precisa á administración sobre as causas, consecuencias e medidas que poden poñerse en marcha.

Bibliografía de referencia

ALMENAR, R.; BONO, E. e GARCÍA, E. (2000) *La sostenibilidad del desarrollo: el caso valenciano.* Valencia, Universidade de Valencia/Fundación Bancaixa

ALONSO, A.; AVELLIDO, M.; FERREIRO, M. et al. (2004) *Modelos energéticos para España. Necesidades y calidad de vida.* Madrid, Fundación Alfonso Martín Escudero

BORD, R. J.; FISHER, A. e O´CONNOR, R. E. (1998) «Public Perceptions of Global Warming: United Status and International Perspectives»en *Climate Research* 11, pp. 75-84

CALLEJO, J. (1996): *Percepción de los problemas medioambientales por la población andaluza.* Sevilla IESA CSIC-Xunta de Andalucía

CARIDE, J. A.; FERNÁNDEZ, M. A.; MEIRA, P. A. e MORÁN, C. (1997): *Imaxes e realidades ambientais. Eurosurvey-Galicia. Unha análise das representacións e actitudes dos escolares galegos en relación co medio.* Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela

CHULIÁ, E. (1995): «La conciencia medioambiental de los españoles de los noventa» *ASP Research Paper* 12 (a)

CIRES (1994): «Ecología y Medio Ambiente» *Boletín CIRES* decembro 1994

CIS (2007): *Estudio n.º 2682. Ecología y medio ambiente (III).* Madrid, Centro de Investigacións Sociolóxicas

CIS (2006): *Estudio n.º 2635. Barómetro de febrero.* Madrid, Centro de Investigacións Sociolóxicas

CIS (2005): *Estudio n.º 2590. Ecología y medio ambiente (II).* Madrid, Centro de Investigacións Sociolóxicas

CIS (2004): *Estudio n.º 2557. Opiniones de los españoles sobre el medio ambiente.* Madrid, Centro de Investigacións Sociolóxicas

CIS (2001): *Estudio n.º 2417. Latinobarómetro IV.* Madrid, Centro de Investigacións Sociolóxicas

CIS (2000): *Estudio n.º 2390. Medio ambiente (International Social Survey Programme).* Madrid, Centro de Investigacións Sociolóxicas

CIS (1998): *Estudio n.º 2312. Latinobarómetro III.* Madrid, Centro de Investigacións Sociolóxicas

CIS (1996): *Estudio n.º 2209. Ecología y medio ambiente (I).* Madrid, Centro de Investigacións Sociolóxicas

CIS (1994): *Representaciones de la sociedad española (1993-1994).* Madrid, Centro de Investigacións Sociolóxicas

CLIMATE CHANGE SECRETARIAT (2004): *Convención marco de las Naciones Unidas sobre el cambio climático. Los diez primeros años.* Bonn, UNFCCC

CONSEJERÍA DE MEDIO AMBIENTE (JUNTA DE ANDALUCÍA); IESA e CSIC (2001, 2002, 2003, 2004): *Ecobarómetro de Andalucía.* [http://www.juntadeandalucia.es/medioambiente/ecobarometro/indecobar.html]

DEPARTMENT FOR ENVIRONMENT, FOOD & RURAL AFFAIRS (COI-DEFRA) (2006): *Attitudes to Climate Change. Wave 3.* [www.climatechallenge.cov.uk/multimedia/climate_change_tuplines_wavw_3.pdf]

CORRALIZA, J. A. e MARTÍN, R. (1996): «Las actitudes ambientales de los españoles» en *Estratos,* 38

COYLE, K. (2005): *Environmental Literacy in America.* Washington D.C., The national Environmental Education and Training Foundation

DARIER, E. (ed.) (1999): *Discourses of the Environment.* Oxford, Blackwell

DUNLAP, R. (1991): «Public Opinion in the 1980s. Clear Consensus, Ambiguous Commitment» en *Environment* 33 (8)

EDER, K. (2001): «¿Provocan las moscas la lluvia? El realismo frente al constructivismo en la sociología medioambiental»en *Sistema pp.* 162-163

EDER, K. (1996): *The Social Construction of Nature. A Sociology of Ecological Enlightenment.* Londres, Sage

EUROPEAN COMISSION (2005): *Special Eurobarometer 217. The Attitudes of European Citizens towards Environment.* [http://europa.eu.int/comm/environment/barometer/summary_ebenv_2005_0 4_22_en.pdf]

FUNDACIÓN BBVA (2008): *Percepciones y actitudes de los españoles hacia el calentamiento global.* [http://www.fbbva.es]

FUNDACIÓN BBVA (2006): *Conciencia y conducta medioambiental en España.* [http://w3.grupobbva.com/TLFB/dat/resultados_medio_ambiente.pdf]

FUTERRA (2005): T*he Rules of the Game. Principles of Climate Change Communications.* Londres, Futerra Sustainability Communications Ltd./DEFRA

GARCIA, M. e ARIÑO, A. (2001): *Postmodernidad y autonomía. Los valores de los valencianos 2000.* Valencia, Fundació Bancaixa/ Tirant lo Blanch

GARCÍA, M. e ARIÑO, A. (1998): *Los nuevos valores de los valencianos. La Comunidad Valenciana en la encuesta mundial de valores.* Valencia, Fundación Bancaixa

GARCÍA, M. e PARDO, R. (1993:) *Ecología, relaciones industriales y empresa.* Bilbao, Fundación BBVA

GARCÍA, M. (1991): «Opinión pública y medio ambiente» en *Sistema, pp.* 104-105

GARCÍA, E. e CABREJAS, M. (1997) *València, l'Albufera, l'Horta: Medi ambient i conflicte social.* Valencia, Universidade de Valencia

GARCÍA, E. e CABREJAS, M. (1996): «Medio ambiente y conflicto social: El caso de la Albufera de Valencia», en *Política y Sociedad* 23

GÓMEZ, C., NOYA, J. e PANIAGUA, A. (1999): «La inconsistencia de las actitudes hacia el medio ambiente en España» en Pardo, M. (coord.) *Sociología y medioambiente: Estado de la cuestión.* Madrid, Fundación Fernando de los Ríos/Universidade Pública de Navarra

GÓMEZ, C.; NOYA, J. e PANIAGUA, A. (1999): *Actitudes y comportamientos hacia el medio ambiente en España.* Madrid, Centro de Investigacións Sociolóxicas

GÓMEZ, B. e PANIAGUA, A. (1996): «Caracterización sociodemográfica de la sensibilidad ambiental en España» en *Recursos, Ambiente y Sociedad,* 751

GÓMEZ, C., NOYA, J. e PANIAGUA, A. (1996): «Agricultura y naturaleza. Una aproximación a las imágenes y actitudes de la población respecto a las relaciones entre agricultura, medio rural y naturaleza» *Política y Sociedad* 23

GONZÁLEZ, E. (2001): «¿Cómo sacar del coma a la educación ambiental? La alfabetización: un posible recurso pedagógico político» en *Revista de Ciencias Ambientales* 22, pp. 15-23

GORE, A. (2007): *Una verdad incómoda. La crisis planetaria del calentamiento global y cómo afrontarla.* Barcelona, Gedisa

HERAS, F. (2006): «Algunos retos educativos ante los problemas ambientales globales: el caso del cambio climático» en Espinoza, E. e Cabero, V. (eds.) *Sociedad y medio ambiente.* Salamanca, Ediciones de la Universidad de Salamanca

HERAS, F. (2003): «*Conocer y actuar frente al cambio climático: obstáculos y vías para avanzar*» [http://www.mma.es/portal/secciones/formacion_educacion/reflexiones/2003_12heras.pdf]

INGLEGART, R. (1991): *El cambio cultural en las sociedades industriales avanzadas.* Madrid, Centro de Investigacións Sociolóxicas

INGLEGART, R. (1977): *The Silent Revolution. Changing values and political styles among Western publics.* Princeton, Princeton University Press

IPCC (2007): *Cambio climático 2007. Informe de síntesis.* [http://www.ipcc.ch/pdf/assessment-report/ar4/syr/ar4_syr_sp.pdf]

JUNYENT, R. e VILLARES, M. (1999) «La percepción social y medioambiental de la regeneración de las playas del Mediterráneo» en Pardo, M., (coord.) (1999) *Sociología y medioambiente: estado de la cuestión.* Madrid, Fundación Fernando de los Ríos/ Universidade Pública de Navarra

MARTÍN-CRESPO, T. (1999): «Percepción social del medioambiente en España. Perspectiva del movimiento ecologista» en Pardo, M., (coord.) *Sociología y medioambiente: estado de la cuestión.* Madrid, Fundación Fernando de los Ríos/Universidade Pública de Navarra

MEIRA, P. A. (2004): «La representación del cambio climático por los estudiantes de la Universidad de Santiago de Compostela» en *Análise das representacións sociais dos problemas ambientais globais para o desenvolvemento de materiais e progra-*

mas de Educación Ambiental, proxecto de investigación financiado pola Xunta de Galicia. Programa de Investigación en Medio Ambiente (I+D) (2001/PX168). Inédito

MEIRA, P. A. (2002): «Problemas ambientales globales y educación ambiental: una aproximación desde las representaciones sociales del cambio climático» en CAMPILLO, M. (ed.) *El papel de la Educación Ambiental en la Pedagogía Social.* Murcia, Diego Marín Editor

NAVARRO, C. (1998): «Conciencia ambiental y perfil social del ambientalismo. Una cuestión de competencia política» en *RIS*, 19-20

NOYA, J., GÓMEZ, C. e PANIAGUA, A. (1999): «La inconsistencia de las actitudes hacia el medioambiente en España» en PARDO, M., (coord.): *Sociología y medioambiente: estado de la cuestión.* Madrid, Fundación Fernando de los Ríos/Universidade Pública de Navarra

ORIZO, F. (1991): *Los nuevos valores de los españoles. España en la encuesta Europea de valores.* Madrid, Ediciones SM

PANIAGUA A. e MOYANO, E. (1998): «Medio ambiente, desarrollo sostenible y escalas de sustentabilidad»en *REIS,* 83

PARDO, M., (coord.) (1999): *Sociología y medioambiente: estado de la cuestión.* Madrid, Fundación Fernando de los Ríos/Universidade Pública de Navarra

PNUMA (2007): *Perspectivas del Medio Ambiente Mundial. Geo-4 Medio ambiente y desarrollo.* [http://www.unep.org/geo/geo4/media/]

PNUMA (2007): *Un panorama de nuestro cambiante medio ambiente.* [http://www.unep.org/geo/yearbook/yb2007/PDF/GYB2007_Spanish_Full.pdf]

PRADES, J. (1997): «Sociología y medio ambiente» en Pérez Adán y Ballesteros (ed.) *Sociedad y medioambiente.* Madrid, Trotta

ROJO, T. (1991): «La Sociología ante el medio ambiente» en *REIS* 55

RUANO, J. (1990): «La consciencia medio-ambiental en la juventud española» en *Contrarios,* 4

TÁBARA, D. (1996): *La percepció dels problemas de medi ambient.* Barcelona, Beta

TÁBARA, D. e QUEROL, C. (1999): «Evaluación integrada del cambio climático: Experiencias de grupos de discusión en el área metropolitana de Barcelona» en Pardo, M., (coord.) *Sociología y medioambiente: estado de la cuestión.* Madrid, Fundación Fernando de los Ríos/Universidade Pública de Navarra

TORCAL, M. (1992): «Análisis dimensional y estudio de valores: el cambio cultural en España», en *REIS,* 58

TORCAL, M., (1992): «La dimensión materialista/postmaterialista en España: las variables del cambio cultural», en *REIS,* 47

VV. AA. (1996): *Los valores en la Comunidad Autónoma del País Vasco y Navarra.* Vitoria, Goberno Vasco

WOODGATE, G. e REDCLIFT, M. (1998): «De una sociología de la naturaleza a una sociología ambiental. Más allá de la construcción social» en *RIS,* 19-20



Pequeno da Roça Monte Café-São Tomé

© Arquivo fotográfico CEIDA